



Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Un Entroido de hai cen anos

Para coñecer algo da historia do Entroido temos que fixarnos nos intentos que houbo por controlalo, sobre todo ao popular de rueiro e rúa —non tanto ao de salón—, tanto desde os poderes civís como relixiosos. É como volver ao século VI lendo o *De correctione rusticorum* de Martiño de Braga para, sabendo o que non gustaba da xente do común, deducir en que crían ou como se divertían.

Viagemos ao Lugo de 1923. A crónica de La Voz de la Verdad do 14 de febreiro —Mércores de Cinsa— sobre o que pasara o Martes de Entroido é abondo elocuente: “Sobre todo por la Plaza Mayor desfilaron durante toda la tarde, gran número de máscaras, que se divertían a su manera, si es que puede llamarse diversión a andar vestido zarrapastrosamente y a producir estridentes ruidos”.

O Boletín Oficial da Provincia publicaba o 6 de febreiro unha circular dirixida aos alcaldes instándoo a manter a orde con “la prohibición del uso de disfraces, utilizando uniformes de todas las clases del Estado, incluso de la Cruz Roja, comprendiendo en esta al de enfermeras”. A igrexa desde o Boletín del Obispado de Lugo lembraba aos párrocos que nos días do Entroido realizasen “actos piadosos de reparación y desagravio a la Majestad de Dios” e os tres días principais celebráronse na catedral e en varias parroquias triduos de desagravio polas ofensas feitas ao Señor.

Tamén a alcaldía de Lugo mediante bando dicía que “se prohíbe la circulación por la vía pública de disfrazados con careta o antifaz, durante las festividades del Carnaval, cuya prohibición se hace extensiva a los Cafés, Bares, Tabernas y demás establecimientos públicos”. Prohibíanse así mesmo os aparatos e instrumentos que alarmasen á veciñanza e materiais que puidesen causar dano. Só, sempre que non ofendesen a institucións, organismos legais, relixión, moral e bos costumes, se toleraba, previa solicitude, “la circulación de comparsas, sin antifaz ni careta, siempre que los disfraces sean nuevos y convenientemente desinfectados”.

El Regional nun artigo titulado “El Carnaval en la aldea” —mágoa que non diga en cal— describe un Domingo de Entroido. Curiosamente, comeza cunha misa e a festa continúa como se fose unha romaxe agás que nun momento dado se presentan no torreiro media ducia de “monicacos” informes, grotescos, feitos de papel e trapos, armados con varas, aos que os portadores prenderon lume para delirio da concorrència. Pouco despois entra en escena o Meco “vistiendo unos pantalones absurdos y una chaqueta vuelta del revés, con un antifaz sucio y grasiento y empuñando un escobón a guisa de trofeo”. E despois a Meca, con “saya burda, de indefinido color por lo usada, y tocándose la cabeza con un pañuelo de tonos vivos chocarreros; su antifaz era también de cartón despintado”.

La Voz de la Verdad en editorial do 11 de febreiro instaba a rematar de vez con estas celebracións arcaicas, procaces, de excesos e immoralidades. A estimagtización do Entroido xa viña de vello, e seguiría, pero o Entroido, a pesar dos pesares, non morreu nin vai desaparecer porque se alimenta da necesidade do pobo de ser, apenas uns días, unhas horas feliz.

© Antonio Reigosa

Serie: “Andel de marabillas”, El Progreso, 20 de febreiro de 2023